

Recomendación á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade de instar ás empresas concesionarias do transporte público de Galicia que se inclúa información clara e accesible sobre as condicións de viaxe para os animais de compañía, tanto nos buses como nas estacións

Expediente: L.4.Q/245/24

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2024

Sra. conselleira:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención XXX con DNI XXX, en relación á falta de información respecto das condicións de viaxe para animais domésticos no transporte público de Galicia, despois da aprobación da chamada Lei de Benestar Animal

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que:

*O día 1 de xaneiro viaxou de Fisterra a A Coruña nun autobús da empresa Arriva xunto coa súa mascota con permiso do condutor e ao abeiro do disposto no art 29.1 da Lei de Benestar Animal 7/2023 de 28 de marzo de 2023. Que nun cambio de condutor en Baio a actitude de novo cambiou e púxolle dificultades para seguir levando á mascota consigo.*

*Finalmente, a empresa Monbus no traxecto Ferrol- A Coruña remitíume á páxina web dado que non hai información nin no bus nin na estación, para indicarme que a mascota debe viaxar na bodega.*

Ante iso requirimos informe a esa Administración, que xa nola remitiu co seguinte contido:

“A Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais sinala no seu artigo 29.1 que os transportes públicos e privados facilitarán a entrada de animais de compañía que non constitúan un risco para as persoas, outros animais e as cousas, sen prexuízo do disposto na normativa sobre saúde pública, nas ordenanzas municipais ou normativa específica.

No ámbito do transporte público, a normativa específica está condicionada de xeito especial polo Regulamento Xeral de Circulación aprobado polo Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, e ditado ao abeiro da competencia exclusiva do Estado sobre tráfico e circulación de vehículos a motor. Adicionalmente, sería de aplicación a Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso ao contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia e a Orde do 30 de setembro de 2004 da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda pola que se establecen normas sobre tarifas e explotación dos servizos públicos regulares permanentes de uso xeral de transporte de viaxeiros por estrada.

Así, o Regulamento Xeral de Circulación no seu artigo 11.2 establece que “nos vehículos destinados ao servizo público de transporte colectivo de persoas prohibese levar consigo calquera animal, salvo que exista no vehículo lugar destinado para o seu transporte.

Por outra banda, a Lei 10/2003, do 26 de decembro, indica que toda persoa con discapacidade que deba ser acompañada dun can de asistencia ten dereito a acceder, deambular e permanecer con el en calquera lugar, establecemento ou transporte de uso público, con independencia da súa titularidade pública ou privada. Por último, o artigo 9 da Orde do 30 de setembro de 2004 dispón que a empresa concesionaria limitará o acceso cando o/a usuario/a vaia acompañado de animais, coa excepción de cans guía.

Polo tanto, e de acordo co principio xeral de especialidade, o sinalado na Lei de benestar animal non é aplicable directamente no servizo de transporte público ao existir normativa específica que limita este transporte, normativa, ademais, de competencia exclusiva do Estado.

En conclusión, con carácter xeral os animais de compañía non poden viaxar na cabina do autobús por estar expresamente prohibido pola normativa sectorial, de competencia exclusiva do Estado, ditada en materia de tráfico e circulación de vehículos a motor; isto non impide, obviamente, o acceso aos vehículos dos cans guía ou o transporte dos animais de compañía na bodega do autobús cando se conte con ese habitáculo e resulte viable a súa utilización.”

#### ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRO. O artigo 29.1 da Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais dispón que:

“Os transportes públicos e privados facilitarán a entrada de animais de compañía que non constitúan un risco para as persoas, outros animais e as cousas, sen prexuízo do disposto na normativa sobre saúde pública, nas ordenanzas municipais ou normativa específica. (..)”

Tal e como se sinala no informe achegado pola Consellería, a normativa recentemente aprobada remite á norma específica nos casos nos que a houbera. Polo tanto, que no que atinxe ao transporte público, tendo en conta a inexistencia de Regulamento de aplicación da Lei 7/2023 e a literalidade do artigo 29.1, debe aplicarse a normativa competente, neste caso citada pola Administración.

Con todo, segundo relata a interesada no escrito de queixa, nun dos traxectos realizados o día 1 de xaneiro, puido viaxar a súa mascota ao carón dela mentres que no seguinte traxecto, ao cambiar a empresa e o condutor, mudaron as circunstancias e non puido. Dedúcese que non hai unha posición común por parte das empresas concesionarias respecto do transporte de mascotas.

SEGUNDO. Como sucede cando hai un cambio lexislativo que afecta a millóns de persoas en todo o país, a entrada en vigor da Lei 7/2023 xerou unha serie de dúbidas entre as persoas donas de mascotas, non só respecto do transporte senón da entrada nos equipamentos públicos, nos comercios ou dos seguros obrigatorios. A maiores, dado que a Lei de Benestar Animal remite á lexislación específica ou ás ordenanzas municipais e que distintas administracións anunciaron modificacións na consideración dos animais domésticos nos espazos públicos, faise imprescindible que as persoas usuarias do transporte coñezan os seus dereitos e os das mascotas, aquelas que desexen viaxar acompañadas delas.

Comprobadas as páxinas web das dúas empresas mencionadas no texto de queixa, nunha delas non aparece ningunha alusión ao transporte de animais domésticos e noutra só o fai no apartado de “preguntas frecuentes”, na segunda páxina dese apartado, no número 17. Cómpre lembrar, ademais, que a interesada sinala, no texto da súa queixa, que non existía información nin no bus nin na estación de autobuses.

De novo insistimos, desde esta Institución, na necesidade de informar claramente, con concreción e accesibilidade ás persoas viaxeiras dos seus dereitos e moi especialmente cando unha circunstancia nova -como esta novidade lexislativa- xera dúbidas e expectativas.

## CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería a seguinte **recomendación:**

**Instar a todas as empresas concesionarias do servizo de transporte público en Galicia que se inclúa información clara e accesible sobre as condicións de viaxe para os animais de compañía, tanto nos autobuses como en lugares visibles nas estacións de autobuses e nos despachos de billetes.**

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo